

MOBILIDADE GALEUROPA - COSTA DA MORTE 2016.
DECLARACIÓN XURADA

Apelidos _____

Nome _____

DNI/NIE/Pasaporte _____

Acepto a miña selección para realizar prácticas laborais en _____ (país) e declaro que coñezo e acepto os seguintes puntos incluídos nas bases de selección:

- No caso de que se abandone a práctica sen causa xustificada, correrá á cargo da persoa participante o retorno desde o país da práctica e o aloxamento e manutención desde o día que deixa de acudir á empresa. Acéptanse as penalizacións establecidas nas bases do programa no seu artigo 24, apartado i), punto 2º. Nos anteriores casos non se obterá o certificado de participación no programa.
- É imprescindible continuar inscrito no rexistro de Garantía Xuvenil o día da viaxe ao destino da práctica, para o que debe entregar unha copia actualizada do rexistro con anterioridade.
- Debe observarse un código de conduta ético nas empresas das prácticas e durante o transcurso da mobilidade.
- Compromiso de realizar a totalidade da mobilidade, cubrindo os horarios sen faltas de asistencia non xustificadas.
- A asignación do país de preferencia dependeu do proceso de selección de participantes. O programa intentará que a actividade da empresa sexa o máis axeitada posible ás preferencias e estudos.
- Os custos do curso de idiomas, da viaxe ao destino da práctica, aloxamento e manutención están cubertos polo programa.
- Autorización á publicación do seu nome e da súa imaxe e compromiso de enviar fotos nas que a persoa participante apareza na empresa da práctica e nunha actividade cultural, lúdica e deportiva, tal como esixe a normativa do programa Galeuropa (Base 3ª Procedemento BS324C: axudas a entidades locais, punto 3, apartado 3º)
- Coñezo que as practicas laborais non son remuneradas, polo que non se recibirá contra prestación económica algunha por parte da empresa nin dos concellos promotores do proxecto.

Xunto con estes puntos que aparecen nas bases, coñezo que o abandono non xustificado das prácticas supoñerá a miña obriga de aboar as cantidades correspondentes á miña viaxe, aloxamento, manutención e curso de idioma, e calquera outro ao que o Concello de Camariñas se vira obrigado a aboar pola miña participación no programa Galeuropa.

O que asino en _____, a día ___ de agosto de 2016

Asinado: _____ (nome, apelidos e sinatura)